Unha muller, a propia directora do filme, sente a necesidade de descubrirse e buscar respostas. Colle unha cámara e filma por primeira vez a súa nai e a súa avoa. Sentiu a necesidade de volver a casa e estar con elas. O retrato da súa nai e a súa avoa é tamén o seu propio retrato. Grazas a elas, reconciliase co lugar e as lembranzas.

Martes
24
20:00 h.

CINE GALEGO (CURTAMETRAXES)
Vello Cárcere

# QUEIMAR CANDO MORRA

Galicia, 2024-12 minutos
Directora: Inés Pintor

O 11 de agosto de 2020 morre a miña avoa Encarna. Baleirando a súa casa, atopamos nun dos armarios do seu cuarto un paquete cunha nota que dicía: «Queimar cando morra, un nosopai e ao lume». Ao abrilo, comecei a recrear a súa historia, a nosa historia familiar. A vida dunha muller e de todas as mulleres que naceron nos anos 30, que casaban, que tiñan fillos. Unha reflexión sobre a familia a partir das imaxes de Super8 e das fotos que encontrei nese paquete. Unha reflexión sobre como lembramos as nosas vivencias persoais, sobre como o pasado da nosa familia nos marca no presente. O que importa non é o que nos deixan os nosos seres queridos cando marchan. O que importa é o que xeramos nós con estas lembranzas.






# ALGUÉN ME CHAMOU SERPE NEGRA

España, 2023-10 minutos
Director: Borja Santomé Rodríguez
Animación

Dende o inicio da miña carreira como realizador interesoume traballar a medio camiño entre a pintura, o cinema e a música, creando relatos surrealistas inspirados na miña vida dun xeito dislocado e confuso; algo que eu chamo «caleidoscopios autobiográficos». *Alguén me chamou Serpe Negra*, que constitúe o meu sétimo proxecto de animación experimental, continúa nesa liña de relatos oníricos a medio camiño entre o imaxinario e o autobiográfico. O filme amósanos a procura dunha serie de personaxes, apenas bosquexados, que emprenden unha viaxe física e mental dende a cidade, ruidosa e desordenada, ata alcanzar a costa e os seus novos misterios nunha sucesión de escenas que nos remiten para a descuberta e a sede de aventuras.

Martes
24
20:00 h.

CINE GALEGO (CURTAMETRAXES)
Vello Cárcere

# SEGUNDA

Galicia, 2024-17 minutos
Directora: Anita Pico
Fotografía: Pedro Galbán
Reparto: Segunda García

Neste retrato dunha muller de campo galego descubrimos os valores de quen un día dominaron a historia. Segundo quedou marcada co seu nome cando naceu, mais tiña outros plans. Dende unha pequena aldea galega, esta matriarca de oitenta anos viviu a súa vida coa determinación e a personalidade dos emperadores romanos que conquistaron o mundo. Nota da Directora: «Segunda (si, así se chama) ten 79 anos. Ela é a miña tía avoa, un piar extraordinario na miña familia. Con 21 anos, decidiu emigrar xunto co seu marido a Alemaña, onde superou numerosas barreiras como o idioma, o traballo e a separación dos seus fillos para construír un futuro mellor para a súa familia. Ela é unha das gladiadoras que loitou polo seu futuro e regresou á súa terra, unha pequena vila de Galicia. Neste documental, honramos a súa experiencia creando unha metáfora que compara estas mulleres migratorias cos antigos césares romanos».











# CANS DE FERRO

Galicia, 2023-16 minutos
Directora: Zahira Teijelo
Fotografía: Ana Sánchez
Reparto: Daria Fernández, Iñaki Castro, Sonia Garrido, Nina Barciela, Jorge de Arcos, Emilia Meleiro

Daniel, home de 60 anos, traballa nun estaleiro onde a cúpula directiva da empresa decidiu facer un despedimento masivo de traballadores, deixando familias enteiras sen sustento. Decide responder, e a súa decisión non só afectará aos directivos das altas esferas, senón tamén á súa xente máis próxima. Especialmente ao seu home, Amador.

# O FRÍO

España, 2024-17 minutos
Director: Pablo Dopazo
Fotografía: Jaime Olmedo
Reparto: José Maria Sanjurjo, Daniel Sanjurjo

Chema traballa nun mercado de abastos nunha pequena cidade do noroeste de España. O seu día comeza cedo; leva pedidos, arrastra caixas de xeo e peixe, transporta paquetes de marisco. Logo dun duro día de traballo, volve á casa. Mais esta tarde recibe unha chamada que perturba a súa vida normal; é o pasado que volve.

Martes
24
20:00 h.

CINE GALEGO (CURTAMETRAXES)
Vello Cárcere

# LO ÍNTIMO

España, 2023-8 minutos
Director: Susana Sotelo
Fotografía: Sara Horta

Sara tenía 33 años cuando fue encerrada a vivir en su casa vieja en el casco antiguo de SAntíago de Compostela. Llena de sueños y planes que se truncan, recuerda momentos de su vida en los que se sintió más libre. En concreto su último viaje a Indonesia donde convivió sobre el mar con gente semianfibia, en un bosque asistió a rituales funerarios extraños y entre las montañas convivió con gente que practicó canibalismo. Pero allí no todo salió bien y es en la soledad de esa casa donde se da cuenta que de ese viaje trajo heridas que todavía sangran y quizás necesitó que el mundo se parase para darse cuenta. Y quizás curarse. Esta es una historia real sobre el viaje más extraño e íntimo de su vida.



# HISTERIA DO MEU PEQUENO MUNDO

Galicia, 2024-6 minutos
Director: Pablo Fontela
Fotografía: David G. García
Reparto: Ledicia Sola, Tacho González

Nun futuro dominado pola predición computarizada e o control político e social, un cidadán normal cuestiona a verdadeira autonomía humana nun mundo cada vez máis controlado polas máquinas.






# A RABIA

Galicia, 2023-16 minutos
Director: Alberto Díaz López
Fotografía: Miguel Ángel Viñas
Reparto: Zoe García de la Torre, Samu Piñeiro Durán, Antonio Durán "Morris", María Vázquez, Xosé Antonio Touriñán, Gemma do Carmo

A vida de Filomena está tinxida de pobreza e dunha triste sombra de calamidade e tormento. Os terribles acontecementos da súa infancia, nunha aldea galega a finais do século XIX, marcarán o carácter da súa existencia. A pesar de todo, terá a oportunidade de mudar o seu destino?




# BARXACOVA

Galicia, 2023-16 minutos
Directora: Rosa Taboada
Fotografía: Jaime Cuña
Reparto: Alfonso Miguez

O guión basease en textos extraídos de *El extranjero* e *Calígula*, de Albert Camus. A morte dunha nai sacude preguntas e sentimentos sobre a vida, a morte e a ausencia. El guión se basa en textos extraídos de "El extranjero" y "Calígula" de Albert Camus. La muerte de una madre sacude preguntas y sentimientos sobre la vida, la muerte y la ausencia.

Mércores
25
20:00 h.

CINE GALEGO (CURTAMETRAXES)
Vello Cárcere

# UDRA

España, 2024-15 minutos
Director: Charles Alexander
Fotografía: Alex Mufasa
Reparto: Antea Rodríguez, Noemi Blanco, Marcos Franz, Monti Castiñeiras, Ángela Martín, Héctor Martínez

Despois dunha importante reunión que mudará a súa vida para sempre, Paula vese obrigada a visitar a súa terra natal, Udra. A súa chegada ao lugar obrigaraa a reconectar coas súas raíces e reformular a súa vida. Mais non sempre estamos a tempo de emendar os erros. Paula terá que render contas a algo moito máis poderoso que a man do home.









# CRÓNICA DUN RECORDO

Galicia, 2023-15 minutos
Directora: Zahira Teijelo
Fotografía: Ana Sánchez
Reparto: Antía Vidal, Raquel Meleiro, Nani Matos, Camila Vigairo, Grial Monte, Aldara Araujo, Laura Lago

Rebeca ten unha nova compañeira na casa onde vive, situada nunha vila ourensá na que se dedica a escribir o seu libro sobre a sexualidade nas vilas. Sonia, a súa nova inquilina, ten un vago recordo da súa vila natal, á que volta por traballo. Se cadra este recordo da súa vida alí non é o único que a une a ese lugar.

# DOENTE

Galicia, 2023-13 minutos
Directora: Noelia Sánchez Souto
Fotografía: Ana Sánchez
Reparto: Lidia Veiga, Sonia Garrido, Noelia Sánchez

Logo da morte da súa avoa, Marina queda na casa onde vivían xuntas. A pesar das chamadas da súa curmá, que tenta convencela de que se mude con ela para superar a dor, Marina continúa cunha vida automática mentres explora o seu duelo.

Xoves
26
20:00 h.

CINE GALEGO (CURTAMETRAXES)
Vello Cárcere

# O RIZO

Galicia, 2023-7 minutos
Director: Xoán Bregua
Fotografía: Adolfo Fernández Piñeiro
Reparto: Diego Freire

Xosé Manuel Arias, alcumado o «O Rizo» foi un fotógrafo «de rúa» que viviu en Ourense a mediados do século XX. O fotógrafo orixinario de Castro Caldelas narra a través dunha voz omnisciente como foi o seu labor e a vida no Ourense do seu tempo.

A voz narradora, que adquire a personalidade de «O Rizo», acompáñanos comentando, compartindo e explicando a súa vida e obra, así como os costumes e diferentes elementos propios da época visibles en cada imaxe que tomou.

Ao mesmo tempo, irase intercalando o pasado e presente da provincia de Ourense e o devandito narrador compartirá comentarios e expresará o seu parecer sobre aqueles lugares que un día visitou e persoas que coñeceu.









# LEÑA VERDE

Galicia, 2024-10 minutos

Director: Brais Alvarellos

Reparto: Martína Lobo, Rubén Guerra, Pablo Alvite

Despois de varios erros coa súa parella, Cibrán decide quedar con Noa para falar as cousas, pero atoparase con que ás veces na vida hai que saber aceptar que non sempre xiramos na mesma dirección que a xente que queremos. *Leña Verde* é unha curtametraxe que convida a reflexionar sobre as expectativas que xeramos, sobre a aceptación da perda, e sobre sabermos coñecer os nosos tempos como individuos para darmos pasos na vida.

# YA LO HARÉ MÁS TARDE

España, 2023-2 minutos

Directora: Uxía Moreno Sabio

Animación

Tic-tac. Tic-tac. O tempo pasa e o vilán axexa. Quen me salvará do traballo de fin de curso? Nesta comedia de animación, unha moza estudante enfróntase coa ansiedade e o estrés de pórse a traballar nesta temible tarefa.

Unha curtametraxe de animación 2D escrita e dirixida por Uxía Moreno Sabio como proxecto de fin de carreira na Universidade da Coruña.

Xoves
26
20:00 h.

CINE GALEGO (CURTAMETRAXES)
Vello Cárcere

# SEN TI

Galicia, 2023-18 minutos
Director: Feyrouz Serhal
Fotografía: Diego Romero Suárez-llanos
Reparto: Sara Sanz. Alejandro Jato

Nunha noite en Galicia en que o océano e o ceo intercambiaban papeis, un grupo de estrelas saltou e mergullouse no Atlántico. E mentres as estrelas nadaban felizmente no océano, no negro ceo había aínda unha estrela brillando soa. Esa estrela tiña plans diferentes para a noite: agardar ata o mesmo final da escuridade e baixar silandeiramente á terra para se encontrar co seu namorado.




# AQUARIUM

Galicia, 2024-15 minutos
Directora. Marguerita Morello
Fotografía: Olmo Couto
Reparto: Paula Quintas,Arturo Cobas,
Clara Ferrao, Nuria Sotelo, Quico Cadaval

Nun futuro distópico, Electra traballa nunha empresa de marketing e no seu tempo libre deseña roupa. Cando a ascenden a directora do seu departamento, Goa, unha colega que sente celos porque cre que debería ser ela a ascendida, decide sabotala, e consegue que o xefe a despida.






# VOLVER CANTANDO

Galicia, 2024-16 minutos
Director: Lázaro Louzao
Fotografía: Hilario Pérez Gómez
Reparto: Josefa Gato

Lo primero que la memoria olvida, al morir un ser querido, es su voz. Utilizando las cintas caseras familiares que su padre grabó entre 1997 y 2004, el autor traza una búsqueda a través de su propio recuerdo. 'Volver Cantando' es el intento de un nieto por recuperar la voz de su abuela, una mujer que en vida tuvo mucho que decir y cuya voz se está perdiendo en el tiempo. Esta carrera contra el olvido es en cierto modo un homenaje a todas las personas cuyas vidas nunca saldrán en los libros de historia pero que no por ello fueron menos importantes.

Xoves
26
20:00 h.

CINE GALEGO (CURTAMETRAXES)
Vello Cárcere

# O BURRO ESPERA

Galicia, 2022-4 minutos

Directora: Alicia López Méndez

O burro presidiu durante moitas décadas a cociña das Bichas en San Ciprián de Hermisende. Sen moito esforzo, unha vella podía levar a caldeira con comida para catro ou cinco porcos ata a trapela que comunicaba coa corte, que permitía debrocar directamente na maseira, tres metros máis abiaxo. O burro era imprescindible no proceso de ceba dos porcos, imprescindibles á súa vez para alimentar a familia durante todo o ano. O burro descansaba algo, non xiraba, a partir da matanza, desde que se facían os chourizos, que ocupraban o radio de xiro do aparello. A cadea do burro seguía suxeitando o pote e, nalgún dos seus elos, sostiña tamén o candil ou a candieira que alumaban minimamente, xunto coas lapas do lume, a lareira onde se preparaba e consumía o alimento, onde os corpos fuxían do frío.




# MENOSTRÉS

Galicia, 2023-7 minutos

Dirección: Adriana Fernández Pazó,
Clara Tallón González e Damián Pol Veiga

Reparto: Adriana Fernández Pazó,
Clara Tallón González, Damián Pol Veiga

Tres rapaces viven vidas moi diferentes, cada un cos seus gustos e vicios, ata que finalmente un día converxen por culpa do destino.

Agradecementos: Olalla Torrón Núñez, José Veiga Rodríguez, IES SAN XILLAO e alumnos, Ramón Fernández González e Marta María Tallón Veiga.






## CARRAXE

Galicia, 2023-11 minutos
Director: Muriel Pernas
Fotografía: Lucas Orlando
Reparto: Mabel Rivera, Roberto Leal, Aicha Villaverde, Valentina Quiza, Santíago Veloso

Na Galicia rural, un matrimonio de anciáns vive afogado na súa rutina. Sole está recluída na casa por e para o seu marido, como lle ensinaron. Todas as noites, Mario volve bébedo; os días repítense. Os dous teñen moita carraxe acumulada nas súas vidas, e só un deles consegue sacala.




## VÉXOTE

Galicia, 2024-20 minutos
Director: Óscar Pardo Cartelle
Fotografía: Paula Pez
Reparto: Marta Lado, Xúlio Abonjo, Fran Lareu

David e Lola van pasar uns días na casa rural do seu amigo Marcos. En medio da natureza buscan encontrarse e verse, deixar atrás a tristura que acompaña a Lola.

Venres
27
20:00 h.

CINE GALEGO (CURTAMETRAXES)
Vello Cárcere

# NO PROFUNDO

Galicia, 14 minutos
Directora: Clara Rocio
Fotografía: Sara Malvido
Reparto: Mercedes Costas, Sonia Vidal

Sonia, Celestino e Mercedes son veciños de aldeas en risco de despoboamento. Tras pasar gran parte da súa vida na cidade, conversan sobre o valor que ten vivir no rural. Non poderían subsistir sen os sons da natureza, a tranquilidade ou a saúde mental que o seu fogar lles brinda. O traballo, a familia e a conciliación son posibles en Os Casares, O Moredo e A Teixeira. Mais as preocupacións e dificultades que implica elixir este estilo de vida cobran importancia á hora de decidir que é o mellor para o futuro das súas fillas. Pese a todo, por que seguen escollendo o rural?






# (DES)FACENDO BARRIO. SAN PEDRO, AUTOPISTA PARA TURISTAS

España, Galicia, 2023-15 minutos

Directora: Erika Martínez

A masificación turística, a ocupación do espazo público, o aumento do prezo da vivenda ou a perda do comercio tradicional non o sofren apenas as grandes cidades. *(Des)facendo barrio* trata estes temas a través da ollada única dos veciños do barrio de San Pedro, en SAntíago. A súa condición de entrada do Camiño Francés, sumada ao aumento de visitantes da capital galega, failles temer que o seu fogar se converta nunha autopista para turistas.




# PROPÓSITOS

Lugo, 2024-Findecurta-5 minutos

Grupo: Desvidas.

Representante: M.ª Rosana López Alvárez.

Integrantes da equipa: Uxía Calviño López, Elba Penas Goy, Ana López Franco, Naomi Alvárez Brito, Cris Trillo Carballo.

A fin do mundo sempre estivo cerca. Dende o inicio da nosa historia, a humanidade temeu a chegada do último día na Terra. Dende Mesopotamia ata a actualidade, centos de predicións sobre a fin do mundo. Pero... será hoxe por fin ese día? Será esta vez realmente o último día na Terra? Imaxina espertar e que informen de que só quedan 24h. Como reaccionarias? Que farías?

Sábadp
28
20:00 h.

CINE GALEGO (CURTAMETRAXES)
Vello Cárcere

# ANTES DE QUE SE POÑA O SOL

Galicia, 2023-13 minutos
Director: Nani Matos
Reparto: Mela Casal, Sabela Rodríguez, Teté García, Xosé M. Esperante, Victoria Teijeiro

Nunha reunión familiar catro irmáns teñen que tomar unha decisión e non todos están dacordo.




# EL CAMINO

España, Inglaterra, 12 minutos
Director: Miguel A. López
Reparto: Encarnación López, Miguel A. López

Un hijo afligido regresa a la ciudad natal de su madre, Quiroga, en Galicia, España, después de la pandemia, para hacer las maletas con su madre recientemente fallecida. Durante el proceso encuentra una caja que abre una conexión inesperada con el otro lado.



Sábadp
28
20:00 h.

CINE GALEGO (CURTAMETRAXES)
Vello Cárcere




# COVAS DE VALDEORRAS

España, Galicia, 2023-27 minutos
Directora: Cristina de la Torre
Fotografía: Pio Cribeiro

Valdeorras é unha rexión vitivinícola situada na fronteira física e climática de Galicia. Con invernos fríos e veráns moi calorosos, a conservación do viño foi un reto que se solucionou mediante a construción de centos de covas que actualmente manteñen un arraigado uso social. *Covas de Valdeorras* é un relato coral sobre a historia, o uso e a tipoloxía destas covas, centrado no significado emocional que teñen para os seus actuais propietarios. Unha oportunidade para visitar este patrimonio histórico cos protagonistas do seu presente.

# NINGÚN DEUS

España, Galicia, 2022-18 minutos
Directora: Miriam Opazo Ojea

*Ningún Deus* fala sobre identidade a través do Entroido tradicional do rural da provincia de Ourense. Esta peza xorde da investigación sobre os vencellos entre o rito máxico e a construción da identidade e a memoria colectivas da comunidade. *Ningún Deus* amosa precisamente a construción dunha das máscaras tradicionais do Entroido ourensán, a do peliqueiro de Laza, a través dos días e os momentos previos á súa primeira saída polas rúas e prazas da vila.




# ÚLTIMO DÍA NA TERRA

Galicia, 2024-Findecurta-6 minutos
Director: Mario Pereira Goiriz.
Reparto: Mario Pereira, Fiz Ouro, Su Paz
Produtora: Loureiras

*O último día na terra* é unha produción completa, complexa e orixinal que nos amosa un día normal na vida do noso personaxe principal, que pasa de apañar na terra a formar parte dela. Unha historia terrorífica e divertida en clave de humor negro.





grupo fotocinematográfico FONMIÑA Lugo

# DEIXADE QUE O CINE... (1)

**Especial infantil en colaboración con ASPNAIS**

(Asociación provincial de pais e titores
de persoas con discapacidade intelectual)

INFANTIL:

## UNA AVENTURA GIGANTE

(información páx. 19)

## EL VIAJE DE ERNEST Y CLÉMENTINE

(información páx. 20)



grupo fotocinematográfico FONMIÑA Lugo

# DEIXADE QUE O CINE... (2)

## Especial Concepción Arenal

(En colaboración coa Asociación Concepción Arenal
e Institucións Penitenciarias)

CINE DOCUMENTAL:

## LOS ÚLTIMOS PASTORES

(información páx.50)

## ODRADEK

(información páx.58)

CINE GALEGO:

## AURORA

(información páx.84)

CINE ESPAÑOL INÉDITO:

## SEPTIEMBRE

(información páx.74)



grupo fotocinematográfico FONMIÑA Lugo

# ACTIVIDADES PARALELAS



# CLAUSURA

AUDITORIO

DOMINGO 29-17:30 HORAS

A partir das 17:30 horas terá lugar a GALA DE CLAUSURA e ENTREGA DE PREMIOS coa proxección das PELÍCULAS PREMIADAS (Mellor Película Sección Oficial, Mellor Documental, Mellor Curtametraxe Galega, Mellor Película "As curtas tamén son cine").

MELANIA CRUZ
(Homenaxe)

# MELANIA CRUZ



Melania Cruz (Lugo, 1983) é actriz de cinema, televisión e teatro. É unha das actrices máis relevantes da súa xeración e foi galardoada en 2022 co Premio da Cultura Galega na categoría de Artes Escénicas.

Estudou en Lugo e en Santiago de Compostela. Comezou moi nova na súa cidade facendo teatro como afeccionada e posteriormente obtivo o título superior na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

En 2009 comezou a súa relación coa compañía Escénate, con catro espectáculos. En 2010, protagonizou xunto a Josito Porto a obra *Ay, Carmela!,* e en 2013 participou en *Los que no pudieron huir,* de 611 Teatro, e nunha adaptación de *Inventarios*, de Philippe Minyana, baixo a dirección de Cristina Domínguez.

En 2012, con catro compañeiros, fundou a compañía ilMaquinario Teatro, e estreou así a súa primeira produción, *O home almofada*, dirixida por Tito Asorey, na que dá vida ao personaxe principal, Katurian.

En 2014, estrean *Perplejo*, un espectáculo que gañou cinco premios María Casares e polo que foi nomeada áo Premio á mellor actriz protagonista. Ese mesmo ano participa na película galega *A esmorga*, dirixida por Ignacio Vilar, na que interpreta o papel de Raxada. No ano seguinte, en 2015, traballou como actriz secundaria nas series *Urxencia cero* e *Serramoura* e, en 2016, gañou o Premio María Casares á mellor actriz protagonista pola súa interpretación do personaxe de Lucía en *Xardín Suspense*, de Abel Neves, dirixida por Cándido Pazó no Centro Dramático Galego.

En 2017, traballou nas series *Fontealba* e *Viradeira*, antes de recibir en 2018 o Premio Mestre Mateo á mellor actriz polo seu papel protagonista en *Dhogs*, baixo a dirección de Andrés Goteira. En 2019, gañaría outro Mestre Mateo, esta vez como actriz secundaria, polo seu traballo na película *Trote*, a estrea de Xacio Baño, e, en 2021, polo seu papel en *Ons* de Alfonso Zarauza. Tamén en 2019, interpretou a comisaria Manuela Fortes na serie A estiba, da Televisión de Galicia, e fundou xunto con Tito Asorey a compañía A Quinta do Quadrant, coa que subiron ao escenario *O papelelado amarelo* e gravaron as curtametraxes *A farsa das zocas* e *As mulleres do porvir*, así como a radioficción *La lindona de Galicia*. En 2020, foi galardoada co Premio de Cine Galego FICBUEU, e en 2022 estreou *Continente María*, un espectáculo de teatro contemporáneo para divulgar a figura de María Casares.

**Longametraxes**

- *A esmorga* (Ignacio Vilar, 2014)
- *Sicixia* (Ignacio Vilar, 2016)
- *Dhogs* (Andrés Goteira, 2017)
- *Trote* (Xacio Baño, 2017)
- *Arima* (Jaione Camborda, 2019)
- *María Solinha* (Ignacio Vilar, 2020)
- *Ons* (Alfonso Zarauza, 2020)
- *Qué hicimos mal* (Liliana Torres, 2020)
- *El cuarto de Mona* (Darío Autrán, 2021)
- *Malencolía* (Alfonso Zarauza, 2021)
- *El tirabeque* (Darío Autrán, 2022)
- *Os espazos en branco* (Bruno Arias, 2022)
- *Justicia artificial* (Simón Casal, 2022)
- *Prefiro condenarme* (Margarita Ledo, 2024)

**Series TV**

- *Viradeira* (TVG, como Maca)
- *Fontealba* (TVG, como Marisa)
- *Serramoura* (TVG, T3 y T4 como Micaela Morais)
- *Urxencia Cero* (TVG, como Marta)
- *Contou Rosalía* (TVG, como Rosalía)
- *Estiba* (TVG, como Manuela Fortes)
- *Operación Marea Negra* (Amazon Prime, Ficción Producciones, como Sargento Molina) T1, T2 y T3
- *La unidad* (Movistar+, como Psicóloga) T2
- *Now and then* (Apple TV, Bambú Producciones)
- *Apagón* (Movistar+, como Teresa)
- *Rapa* (Movistar+, Portocabo, como Chamorro) T2
- *Clanes* (Netflix, Vaca Films)

**Curtametraxes**

- *Poscoito (Psicoterapia)* (Héctor Rodríguez, 2024)
- *Curmán* (Alejandro Jato, 2023)
- *Pontevedra, ciudad cero* (Alfonso Zarauza, 2022)
- *Nido* (Alejandro Rodríguez, 2021)
- *As mulleres do porvir* (Tito Asorey, 2020)
- *A farsa das zocas* (Tito Asorey, 2020)
- *Arrolo* (Lucía Estévez, 2019)
- *Albedrío* (JS Raimundi y Álex Vázquez, 2017)
- *Papá llevaba peluca* (Chema Montero, 2016)
- *Al tercer día* (Vicente Pedreira, 2015)
- *El coche rojo* (Karla Taveras, 2015)
- *Desde dentro* (Samuel Lema, 2015)
- *La falta* (Francisco González, 2012)
- *Una mala noche* (Fernando Rivero, 2011)

**Teatro**

- *Continente María* (Tito Asorey, 2022)
- *A lúa vai encuberta* (Tito Asorey, 2021)
- *Fariña* (Tito Asorey, 2021)
- *A lindona de Galicia* (Tito Asorey, 2021)
- *Medida por medida* (Quico Cadaval, 2019)
- *O empapelado amarelo* (Tito Asorey, 2019)
- *O Tolleito de Inishmaan* (Cándido Pazó, 2017)
- *X Premio Teatro Radiofónico do Diario Cultural* (Marta Pazos, 2017)
- *Resaca* (Tito Asorey, 2017)
- *IX Premio Teatro Radiofónico do Diario Cultural (*Tito Asorey, 2016)
- *Xardín suspenso* (Cándido Pazó, 2015)
- *Perplejo* (Tito Asorey, 2014)
- *Inventarios* (Cristina Domínguez, 2013)
- *Los que no pudieron huir* (Javier Hernández-Simón, 2013)
- *El hombre almohada* (Tito Asorey, 2012)
- *A fala das pedras* (Ana Carril, 2012)
- *Xeración Nós* (Ana Carril, 2011)
- *¡Ay, Carmela!* (Tito Asorey, 2010)
- *Lugo. Ciudad 10* (Ana Carril, 2010)
- *Lugo de Alma Romana* (Ana Carril, 2009)

**Premios e nominacións**

2018 - Mestre Mateo por Dhogs y Contou Rosalia

2019 - Mestre Mateo por Trote

2020 - Mestre Mateo por Ons

2021 - Mestre Mateo por Malencolia

2022 - María Casares por Xardín Suspenso

2015 - María Casares por Perplexo

2016 - María Casares por Resaca

2021 - María Casares por O empapelado amarelo

203 - María Casares por Continente María

2020 - Premio Cine Galego-Bueu

2021 - Premio Cultura Galega en Artes Escénicas

2022 - Premio Chimpín de Prata- Festival de Cans

2023 - Premio Lucense del Año (El Progreso)

# XOSÉ ZAPATA



A Coruña, 1975. Produtor, director e guionista.

As miñas producións *Minotauromaquia* e *La casa de mi abuela* foron nominadas aos Premios da Academia de Cine Europeo (EFA) nos anos 2005 e 2006. Obtiven máis de catrocentos premios nacionais e internacionais coas miñas producións, así como varias nominacións aos Premios Goya, e ata gañei algúns.

En 2018 estreo en cines a longametraxe *Tiempo después*, de José Luis Cuerda, como produtor executivo, e, como produtor asociado, participo na primeira serie de Amazon Prime e Antena 3 Estudios, *Pequeñas coincidencias*, de Javier Veiga.

En 2021, lanzo a miña primeira curtametraxe de animación como director, *O mono*, coa que gaño o Goya á mellor curtametraxe de animación 2022.

En 2022, estreo como produtor *Los demonios de barro*, película de animación de Nuno Beato, e as películas *La manzana de oro*, de Jaime Chavarri, e *La llegada (Upon entry),* de Alejandro Rojas e Juan Sebastián Vázquez.

En 2023 preparo a miña primeira longametraxe de animación, titulada *DRAW*.

En 2024 realizo *Avetimologia*, a curtametraxe de animación encargada por Acción Cultural Española (AC/E) á produtora española *Sygnatia* no marco do Programa cultural da presidencia española do Consello da Unión Europea. *Avetimologia* terá a súa estrea en Lugo, na XLVI Semana de Cine.

# JUAN CUADRADO BUENO

Nado en Lugo en 1949, viviu nesa cidade ata rematar o bacharelato. En 1965 trasladouse a Madrid para estudar química na universidade. Alí coñeceu un grupo de mozos afeccionados á música, coma el, que no seu tempo de lecer se reunían para tocar e cantar, e así, sen planificalo, naceu Nuestro Pequeño Mundo, un grupo pioneiro da música folk española. Contratados por unha discográfica, acadaron un grande éxito a nivel nacional en poucos meses.




Debido á nova situación, fíxose difícil conciliar estudos e actividades Músicais, polo que Cuadrado decidiu abandonar a química sen rematar a carreira. Apaixonado pola tecnoloxía, mentres continuaba as súas actividades Músicais con NPM (Nuestro Pequeño Mundo), montou un estudio de gravación cuns amigos nos baixos da súa casa de Boadilla del Monte, e, interesado tamén pola fotografía dende moi novo, instalou alí tamén un laboratorio de desenvolvemento. Nestes anos ademais comezou a xurdir unha nova disciplina, a informática. Intuíndo a súa importancia futura, matriculouse neste campo, e compartiu estudos cos concertos de NPM e coa compañía discográfica. Pero o día só ten 24 horas, e unha vez máis, algunhas cousas houbo que deixar atrás. Nesta ocasión, e despois de 15 anos de intensa actividade, abandonou NPM.

Era tamén o momento de ampliar a compañía, polo que se trasladaron ao centro de Madrid e fundaron Estudios Trak, que axiña se converteu nun dos principais estudios de gravación da cidade. En Trak, nos anos seguintes, desenvolveu o resto da súa carreira profesional como enxeñeiro de son e produtor, participando na gravación de innumerables discos con diferentes músicos e artistas. Desafortunadamente, nesta etapa non tivo tempo para continuar practicando a fotografía.

Foi nomeado dúas veces aos Premios Grammy. A primeira vez foi en 2001 na categoría de mellor enxeñaría de son polo disco *Los paraísos desiertos*, de Ismael Serrano, que produciu tamén xunto con Fredi Marugán. A segunda nominación foi para *Las flores de la vida*, de Compay Segundo, producido por este mesmo e nomeado como mellor álbum latino tropical tradicional na 44ª edición dos Premios Grammy.

José de Cora escribiu en «O álbum dos lucenses» *(El Progreso)*: «O lanzamento do primeiro LP do grupo Nuestro Pequeño Mundo supuxo acadar a fama ás poucas horas de actuar en TVE.

A casa da familia Cuadrado está en Santa María de Bacoi (Alfoz). Alfonso Cuadrado Rico, que foi durante 18 anos o delegado provincial do Instituto Nacional de Benestar en Lugo, acode alí no seu período de vacacións

nada menos que dende 1949 ata 1967, cando é nomeado xefe do Servizo de Persoal do mesmo Instituto e se ve así obrigado a desprazarse a Madrid, sendo substituído polo ourensán Manuel Romero Rumbao. A súa muller, a madrileña Mercedes Bueno Azcárate, foi nese tempo a encargada do vestiario de Cáritas e a presidenta diocesana de Mulleres de Acción Católica de Lugo. Estes datos previos serven para canalizar o lucensismo de Juan Ignacio Cuadrado Bueno, cuestión non sempre ben explicada. Outros datos: en xuño de 1956, Juan Ignacio recibiu a primeira comuñón na capela do colexio da Milagrosa, de mans do reitor e secretario do bispo, Manuel Fernández Vázquez, e o 8 de decembro de 1964, o colexio marista da Inmaculada celebrou a súa festa anual no Gran Teatro para proclamar o seu novo abandeirado na persoa de Juan Ignacio Cuadrado.

A mudanza do seu pai coincide máis ou menos coa súa para estudar Arquitectura. A aventura de Nuestro Pequeño Mundo espérao en Madrid. O nacemento do famoso grupo folclórico español prodúcese a partir dun grupo formado por Nacho Sáenz de Tejada, neto do ilustrador da Cruzada de Franco, aínda que non simpatizante do réxime; Pilar Alonso Treviño, alcumada Pat, y Cuadrado. Séntense como os españois Pedro, Pablo e María. Pola súa banda, Jaime Ramiro e os irmáns Juan Alberto e Gabriel Arteche son seguidores de The Kingston Trio. Os dous grupos coinciden nunha emisora madrileña para participar no programa dominical *Caravana*, conducido por Ángel Álvarez, o mesmo de *Vuelo 605*. Ángel era un piloto e comentarista Músical que, dende había anos, introducía en España a música feita no estranxeiro, especialmente en EE.UU., e que nese momento comenta con Joaquín Díaz a calidade de ambos os grupos e a conveniencia de fusionalos nun só. O musicólogo Díaz dirixe entón unha sección no semanario *Mundo Joven*, así como o selo Movieplay, no que a folk se refire. A asemblea de unificación ten lugar na cafetería Kon-Tiki -hoxe restaurante-, na praza de San Juan de la Cruz, e alí ten lugar o nacemento de NPM (Nuestro Pequeño Mundo).

Aos citados súmanse Chema Martínez (guitarra e voz) e Laura Muñoz (voz), e os oito ensaian na casa de Juan Ignacio, preto da emisora de Radio España onde Díaz fai *La Hora Folk*. Aparcan os seus dous modelos anteriores e céntranse nos grupos The New Christy Minstrels e The Weavers, de Pete Seeger, ademais de nun espiritual xa gravado por Nina Simóne e en *Sinner Man*, curiosamente tamén de Nina e Frederick. En só dous días de maio de 1968 gravan un LP para Sonoplay que chaman *El Folklore de Nuestro Pequeno Mundo*, e un sinxelo con *Sinner Man*. En dous días fanse famosos e media España cantaruxa varias das súas cancións.

Hai uns anos, Cuadrado decidiu rematar a súa longa traxectoria como produtor Músical, e trasladouse ao campo, alternando estadías entre Asturias e o norte de León. Alí reavivou a súa paixón pola fotografía da natureza e, aínda que vive rodeado dunha paisaxe magnífica, de cando en vez viaxa ao estranxeiro para fotografar outros lugares interesantes. Nos últimos tempos, céntrase especialmente na creación de *timelapses* e na composición e gravación da música do proxecto Emoción Asturias, que está a levar a cabo con David Álvarez Velicia, e cuxa estrea acollerá a 46 Semana de Cine de Lugo».

# EXPOSICIÓN CINEMATOGRÁFICA DE EDUARDO MUÑOZ BACHS

(BIBLIOTECA PROVINCIAL)

CARTEIS DE CINE CUBANO



Nace en Valencia o 4 de decembro de 1937 e trasládase a Cuba moi novo. Comeza a traballar en publicidade na década dos cincuenta e en 1960 faino no ICAIC (Instituto Cubano de Arte e Industria Cinematográficas) como deseñador no departamento de debuxos animados.

En 1961 deseña por solicitude do propio autor o cartel da primeira película realizada pola revolución cubana, *Historias da Revolución*, do director Tomás Gutiérrez Alea.

A obra de Muñoz Bach é unha referencia obrigada na historia da gráfica cubana, sobre todo no que respecta ao cinema, pois trátase de alguén que imprimiu un estilo recoñecible, moi persoal e de incuestionables valores estéticos a todo canto fixo, motivo polo cal é apreciado dentro e fóra das nosas fronteiras.

Pero Muñoz Bach non só deseñou carteis para cinema. Ademais realizou numerosas obras para a promoción de eventos políticos e culturais, así como centos de ilustracións para libros infantís editados en Cuba e no estranxeiro. Aínda que máis coñecido como deseñador e ilustrador, levou tamén a cabo un extenso labor pictórico en diversos formatos, raras veces exhibido, que hoxe é conservado con celo por familiares e amigos.

A respecto do seu labor pictórico, nunca se considerou un artista no sentido convencional. En máis dunha ocasión dixo que pintaba para distraerse. Con todo, produciu traballos ao óleo, en tinta e acrílico nos que, como nos seus carteis, prima o figurativo con alta dose de fantasía e lirismo. Quizais o máis significativo da obra de Eduardo Muñoz Bachs é a elaboración dun imaxinario moi persoal habitado por innumerables personaxes. Na súa obra cinematográfica figuran máis de mil carteis.

En 1985, solicitado polos dirixentes da entón recentemente constituída editorial Pablo da Torriente, achegouse á historieta. Partindo das metáforas das súas imaxes, consolidou o seu estilo na creación de símbolos transcendentes como a figura de Charlot e a caligrafía manual. Na obra de Bachs está presente a influencia que sobre el exerce a súa obra como ilustrador de literatura para nenos, na que prevalece a inxenuidade, o humor e tamén a sátira. Isto non impediu que abordase calquera tema con mestría, como fixo no seu cartel para o filme Nenos desaparecidos, de forte contido dramático. Á parte da influencia ilustrativa na obra de Bachs, como na de todo bo autodidacta, non deixa de percibirse a influencia que exerceron, sobre todo nos anos sesenta, os polacos Jan Lenica e Henryk Tomaszewski e o francés André François. Moitos foron os recoñecementos que mereceu durante a súa carreira artística. Obtivo 21 premios en Cuba e varios internacionais. Entre os seus premios por cartel de cinema atópanse:

Premio ao Mérito. Concurso Internacional de Carteis de Cinema. Ottawa, Canadá (1972). Premio ao Mérito. Concurso Internacional de Carteis de Cinema no Festival Internacional de Cinema. Cannes, Francia (1973).

Gran Premio Internacional de Carteis de Cinema. Primeiro Festival Internacional Cinematográfico. París (1975).

Primeiro e terceiro premios do Concurso de Hollywood Report (1978).

Segundo Premio Coral de Cartel no terceiro Festival Internacional do Novo Cinema Latinoamericano. A Habana, Cuba (1981).

Gran Premio Coral no quinto Festival Internacional do Novo Cinema Latinoamericano polo conxunto de carteis presentados no terceiro Concurso Latinoamericano e Caribeño de Carteis Cinematográficos. A Habana, Cuba (1983).

Premio Concurso de Hollywood Report (1984). Mención no sexto Festival Internacional do Novo Cinema Latinoamericano. A Habana, Cuba (1984).

Primeiro Premio Coral no sétimo Festival Internacional do Novo Cinema Latinoamericano. A Habana, Cuba (1985).

Segundo Premio Coral no oitavo Festival Internacional do Novo Cinema Latinoamericano. A Habana, Cuba (1986).

Primeiro Premio Coral no décimo Festival Internacional do Novo Cinema Latinoamericano. A Habana, Cuba (1988).

Foi Membro da UNEAC, recibiu a Distinción pola Cultura Nacional e as Medallas Raúl Gómez García, en 1982, e Alejo Carpentier, en 1988.

Faleceu en La Habana o 22 de xullo de 2001.

**BERNARDINO BARREIRO**
(Homenaxe)

# BERNARDINO BARREIRO, MESTRE LOITADOR



A XLVI Semana de Cine de Lugo homenaxea a Bernardino Barreiro Castro, histórico da fotografía lucense, pioneiro e mestre. Bernardino naceu o 20 de maio de 1932 en Mosteiro, capitalidade do concello de Pol. A primeira fotografía profesional fíxoa pouco antes de cumprir dezanove anos, a un veciño de Caraño (Pol), nas festas da parroquia.

En 1954 estableceuse na rúa Serrano Suñer de Lugo (hoxe, Yáñez Rebolo), onde -xunto con Araceli, dona e colaboradora de toda a vida- desenvolveu un intenso traballo, dedicándose especialmente á fotografía de persoas e familias na Praza Maior, Parque Rosalía de Castro, nas festas do antigo Casino de Lugo, no Cádavo ou nas feiras de Castro Ribeiras de Lea, onde chegou a ter un local para atender ás xentes da comarca.

Anos despois, trasladouse á Avda. de A Coruña (fronte á Porta de San Fernando), onde montou o primeiro estudo no que se facían fotos para os carnés de identidade ou de familia numerosa, e para primeiras comuñóns; pasando axiña a realizar reportaxes de voda e comuñón nas igrexas, contratar os primeiros empregados e comezar a saga dos que deron en chamarse “discípulos de Barreiro”, que foron numerosos, xa que moitos dos fotógrafos anteriores ás cámaras dixitais comezaron con el.

Co estudo de San Fernando quedaron os fotógrafos Luis e José Manuel, e Bernardino trasladouse á rúa de San Marcos, por onde pasaron entre outros moitos Carlos Rodríguez (Carlos Foto - Cine), Miguel Calvo (Prisma), José Manuel (Foto Castro), José Vázquez (Foto Graf), Tomás (Foto cine Tomás de Vegadeo), Kyf de Luarca, Foto cine Geada, Foto Gelucho ou Julio Sánchez.

Na transición entre San Fernando e San Marcos foi correspondente gráfico para Lugo e provincia de “El Ideal Gallego “, e xa en San Marcos traballou para “El Progreso”, coa axuda de Pépe Álvez, que continuou no xornal ao deixalo Bernardino. En San Marcos tivo laboratorio de branco e negro para revelar os seus traballos, así como os dos fotógrafos “de rúa”, e logo de cor para profesionais e afeccionados, chegando a recoller carretes por toda a provincia de Lugo e pobos de Asturias. Xubilado como fotógrafo en 1997, dedicouse aos lucenses da terceira idade desde a Asociación de Pensionistas e Jubilados UDP “Lucus Augusti”, da que segue a ser Presidente.

Aos 92 anos, Bernardino Barreiro, pioneiro, mestre fotógrafo, exemplo vital, recibe merecida homenaxe por toda unha vida dedicada á fotografía.

Grupo Fonmiñá



# 46 SEMANA DE CINE DE LUGO

| | | LUNS 23 SETEMBRO | MARTES 24 SETEMBRO | MÉRCORES 25 SETEMBRO | XOVES 26 SETEMBRO | VENRES 27 SETEMBRO | SÁBADO 28 SETEMBRO | DOMINGO 29 SETEMBRO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE | 12:00 | | | | | | INFANTIL | INFANTIL |
| | 17:30/20:00 | O MELLOR DO ANO | O MELLOR DO ANO | O MELLOR DO ANO | O MELLOR DO ANO | O MELLOR DO ANO | O MELLOR DO ANO | 17:00h. CLAUSURA |
| | 22.00 | SECCIÓN OFICIAL | CURTAS SECC. OF. SECCIÓN OFICIAL | CURTAS SECC. OF. SECCIÓN OFICIAL | CURTAS SECC. OF. SECCIÓN OFICIAL | CURTAS SECC. OF. SECCIÓN OFICIAL | CURTAS SECC. OF. SECCIÓN OFICIAL | |
| DEPUTACIÓN PROVINCIAL | 17:30 | CINE DOCUMENTAL | CINE DOCUMENTAL | CINE DOCUMENTAL | CINE DOCUMENTAL | CINE DOCUMENTAL | | |
| | 20:00 | | HOMENAXES | HOMENAXES | HOMENAXES | HOMENAXES | | |
| BIBLIOTECA PROVINCIAL | 18:00/20:00 | | CINE ESPAÑOL INÉDITO | CINE ESPAÑOL INÉDITO | CINE ESPAÑOL INÉDITO | CINE ESPAÑOL INÉDITO | | |
| SALA XUNTA DE GALICIA | 18:00/20:00 | | CINE GALEGO | CINE GALEGO | CINE GALEGO | CINE GALEGO | | |
| VELLO CÁRCERE | 17:30 | AS CURTAS TAMÉN... | AS CURTAS TAMÉN... | AS CURTAS TAMÉN... | AS CURTAS TAMÉN... | AS CURTAS TAMÉN... | AS CURTAS TAMÉN... | |
| | 20:00 | CINE GALEGO CURTAS | CINE GALEGO CURTAS | CINE GALEGO CURTAS | CINE GALEGO CURTAS | CINE GALEGO CURTAS | CINE GALEGO CURTAS | |

grupo fotocinematográfico FONMIÑA Lugo